

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BETANZOS

Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para técnico de administración xeral A2 promoción interna

ASUNTO: CONVOCATORIA OPE 2023 PERSOAL FUNCIONARIO POR CONCURSO-OPOSICIÓN PROMOCIÓN INTERNA A2
ESCALA: ADMÓN XERAL **SUBÉSCALA:** TECNICO **DENOMINACIÓN:** TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

EXPEDIENTE: 2025/E001/000018

ANUNCIO LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS EXCLUIDOS/AS

Doña María Barral Varela, Alcaldesa do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

PRIMEIRO. Por Resolución da Alcaldía desta Corporación aprobouse a Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2023 publicada no BOP nº 62 de data 30/03/2023, e que posteriormente se modificou na Oferta de Emprego do ano 2025 publicada no BOP Nº 234 de data 05/12/2025, e que se destaca a praza de persoal funcionario seguinte cuxas características son: Grupo: A Subgrupo: A2 Nivel C.D.: 24 Escala: Administración xeral Subescala: Tecnica Denominación: Técnico/a de Administración Xeral Nº de vacantes: 1 Sistema acceso: Concurso-oposición/ Promoción interna

SEGUNDO. O Concelleiro delegado emitiu providencia para o inicio do expediente.

TERCEIRO. Consta informe de secretaría de data 19/12/2025.

CUARTO. Consta informe favorable de intervención de data 09/02/2026

QUINTO. Por Decreto da Alcaldía núm. 252/2026 do 11/02/2026 aprobase as Bases reguladoras da convocatoria para a cobertura bases a provisión en propiedade da praza de persoal funcionario cuxas características son: Grupo: A Subgrupo: A2 Nivel C.D.: 24 Escala: Administración xeral Subescala: Tecnica Denominación: Técnico/a de Administración Xeral Nº de vacantes: 1 Sistema acceso: Concurso-oposición/ Promoción interna

SEXTO. Consta publicación da bases reguladoras do proceso selectivo no Tablón de Anuncios da Sede Electrónica e no BOP da Coruña Nº 32 do 28/02/2026, así como anuncio da convocatoria no DOG o 23/03/2026 e no BOE, neste último con data 03/04/2026, abrindo o prazo para a presentación de solicitudes de participación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

— O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que Debe Axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.

— Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

— O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

— Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

— Os artigos 51 e 53 da Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido na base quinta das Bases reguladoras da convocatoria para a cobertura en propiedade por concuso- oposicion, por promocion interna, dunha (1) praza de persoal funcionario, grupo A2 de Técnico/a de Xestión, cando se regula a admisión de aspirantes: *“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos, <https://sede.betanzos.gal>.*

Se houbera aspirantes excluídos, indícarase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo. Posteriormente a alcaldesa declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, publicaranse no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>.

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán alomenos dez (10) días.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica <https://sede.betanzos.gal>."

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte lista provisional admitidos/as e excluídos/as para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, grupo A2 de Técnico/a de Xestión, polo sistema de selección de concuso- oposición, por promoción interna

ADMITIDOS/AS

Nº	Apellidos y nombre	D.N.I	Nº rexistro
1	FORTES GONZALEZ, DIEGO	***7277**	202699900002491

EXCLUÍDOS/AS

Non hai

SEGUNDO.- Conceder un prazo de 10 días hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, 12 de maio de 2026

A alcaldesa

María Barral Varela

2026/3059